

Escola Internacional de Doutoramento (Eido)


Proceso

Xestión dos Programas de Doutoramento

Procedemento

Suspensión e extinción

Código XP03 Índice 01



Histórico de evolucións

Índice	Data	Elaboración	Principais modificacións e motivo
01	18.10.2024	Dirección da Eido Área de Calidade	<p>Actualización do procedemento por causa de</p> <ul style="list-style-type: none"> - Informe de avaliación do deseño do SGC de ACSUG 2019: revisión do órgano responsable do proceso, ámbito de aplicación. - Proxecto de mellora do SGC 2021-2024: cambios na finalidade do proceso e no diagrama de fluxo -Posta ao día lexislativa e normativa -Adaptación ás <i>Directrices e orientacións para a acreditación institucional de centros que imparten programas de doutoramento</i> (REACU, 2023)
00	20.11.2018	Vicerreitor/a de Planificación e Sostibilidade	Creación do procedemento XP-02, <i>Seguimento, mellora e acreditación dos programas</i> , no marco do programa de SGC (Fides-Audit) de doutoramento da Universidade de Vigo.

VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Comisión de Calidade da Eido 24.02.2025	Comité de Dirección da Eido 29.04.2025

Índice

I OBXECTO	3
II ALCANCE	3
III REFERENCIAS	3
IV DESENVOLVEMENTO	5
V ANEXOS	9

I OBXECTO

Definir a sistemática para organizar a supresión temporal (suspensión) ou definitiva (extinción) dun programa de doutoramento.

II ALCANCE

O alcance deste procedemento esténdese ao ciclo de doutoramento da Universidade de Vigo, isto é, á Eido e todos os seus programas de doutoramento adscritos activos no RUCT, así como aos servizos asociados.

En particular, cando os programas sexan **conxuntos** (interuniversitarios)

- **responsabilidade da UVigo**: a Universidade é responsable, a través da CAPD, de informar e de coordinar as actividades das outras universidades participantes nas distintas fases do procedemento, así como de xestionar e aplicar o convenio de colaboración.
- **responsabilidade doutras universidades** (dentro ou fóra do SUG, nacionais ou estranxeiras): a Universidade é responsable, a través da comisión académica local, de informar e de participar e colaborar nas actividades que sexan necesarias consonte este procedemento e o que a universidade responsable estableza, así como de aplicar o convenio de colaboración no que especificamente lle corresponda.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación, normativa e estándares de calidade de referencia que afecta a este proceso poden atoparse na ficha do proceso.

A lexislación e normativa xeral que afecta ao SGC da Eido está descrita no Manual de Calidade.

III.2. Definicións

- Extinción: proceso mediante o cal un plan de estudos dun programa non supera o proceso de acreditación, comporta a perda do seu carácter oficial e a revogación da autorización para a súa implantación.
(Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia).

- Memoria xustificativa : documento que detalla o cumprimento dos requisitos, xerais e específicos, a fin de garantir unha oferta equilibrada, de calidade e con pertinencia para Galicia.
(Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia)

- Memoria económica : documento que detalla os datos relativos a infraestrutura material, os recursos de persoal docente e investigador e de persoal de administración e servizos, así como as diferentes fontes de financiamento.
(Decreto 222/2011)


- Suspensión : non impartición dun programa de doutoramento durante un ou dous cursos académicos, de xeito excepcional, sen que se revogue a autorización para a súa implantación.
(Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia).


III.3. Abreviaturas e siglas


- ACSUG : Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- BOE : Boletín Oficial do Estado
- CAPD : comisión académica do programa de doutoramento
- CU : Consejo de Universidades
- DOG : Diario Oficial de Galicia
- PD : programa de doutoramento
- RUCT : Rexistro de Universidades, Centros e Títulos
- SGC : Sistema de Garantía de Calidade
- SUG : Sistema Universitario de Galicia


IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Diagrama de fluxo









Comentarios

-

V ANEXOS

Este procedemento non ten anexos.

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable de custodia (órgano / posto)	Duración
Código	Denominación				
R1 - XP03	Declaración de interese (para suspender ou extinguir un programa)	Electrónico	Aplicación ou repositorio informático	Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao	Vixencia do PD + 6 anos mínimo
R2 - XP03	Informe da Eido sobre a declaración				
R3 - XP03	Acordo de Consello de Goberno sobre a declaración				
R4 - XP03	Informe do Consello Social sobre a declaración				
R5 - XP03	Acordo da CA (DO da Xunta ou CA competente), de revogación da autorización ou supresión				
R6 - XP03	Resolución de extinción do CU				